

## ANÁLISE DOS EPÍTETOS ESPECÍFICOS DE PLANTAS VASCULARES GALEGAS

A. AMEDO OTERO, A. BUENDÍA MONTESINOS,  
C. CARBALLO DE DIOS & M. FERNÁNDEZ MARTÍN

alameot@hotmail.com; ana\_namor@hotmail.com;crisc25\_03@hotmail.com;  
unquestionable\_presence@hotmail.com

Alumnos 1º Bioloxía, Materia: Botánica II (2005-2006), Universidade de Vigo

Profesores: Marisa Castro e José María Sánchez

**Resumen:** En este trabajo se realiza una recopilación de los epítetos específicos correspondientes a plantas vasculares de Galicia y se hace un análisis comparado de los significados.

**Palabras clave:** Galicia, plantas vasculares, epítetos específicos.

**Resumo:** Neste traballo realízase unha recompilación dos epítetos específicos correspondentes a plantas vasculares de Galicia e faise unha análise comparada dos seus significados.

**Palabras clave:** Galicia, plantas vasculares, epítetos específicos.

## INTRODUCCIÓN

Ao longo da historia da Humanidade xurdiu a necesidade de nomear aos organismos vivos que se atopaban no entorno co fin de poder referirse a eles. As plantas non foron unha excepción, así apareceron os primeiros nomes vernáculos ou comúns.

Nun principio esta necesidade céntrase naqueles seres vivos que lle aportaban algo útil ó home; pero co tempo o obxectivo dos nomes foi o de identificar aos diferentes tipos de seres vivos para a súa posterior clasificación.

Co tempo, e co desenvolvemento da Botánica como ciencia, xurdiron unha serie de problemas para nomear ás plantas, xa que os nomes comúns non son universais, só poden aplicarse a unha lingua, a rexións moi concretas e nalgún caso dúas ou máis plantas non relacionadas presentan o mesmo nome vernáculo ou unha mesma planta ten diferentes nomes comúns que se aplican indistintamente a xéneros, especies ou variedades. Estes problemas tentaron solucionarse establecendo unha nomenclatura científica e unhas regras, que foron recompiladas no Código de Nomenclatura Botánico.

Os primeiros intentos para dar orde e estabilidade á nomenclatura se fixeron mediante denominacións polinomiais en lingua latina, é dicir, unha descrición con frases breves en latín, que crecía a medida que se encontraban novas especies semellantes GRUPO DOTEINE (2006). Así, a "herba gateira" (*Nepeta cataria* L.) mencionábase como: *Nepeta floribus interrupte spiculatus pedunculatis* (*Nepeta* con flores nunha espiga pedunculada interrompida).

Non foi ata 1753 ca publicación, polo botánico sueco Carl von Linné (*Carolus Linnaeus*, 1707-1788), da obra *Species Plantarum* que universalizou un sistema de nomenclatura moito máis eficaz, o sistema binomial, que se continúa empregando ata hoxe. Este tipo de nomenclatura fora xa adoptada anteriormente polo suízo Gaspar Bauhin (1560-1624).

Na nomenclatura binomial o nome dunha especie componse de 2 palabras: xénero e especie. O nome xenérico é un substantivo en singular e aínda que non é descritivo, algunhas veces pode indicar características das plantas adscritas a el, outras veces está referido á memoria dun personaxe coñecido e outras é unha latinización dun nome vernáculo moi popular. O nome específico é un adxectivo cualificativo (epíteto); por conseguinte indica unha característica ou unha aplicación dada ao individuo adscrito a el, o hábitat, a localidade ou homenaxea unha persoa ou unha localidade.

Na actualidade a nomenclatura asóciase á taxonomía, que é un disciplina científica biolóxica que ten como obxectivo crear sistemas de clasificación que expresen da mellor maneira posible os diversos grados de semellanza entre os organismos JUON e col. (1999). Dende as primeiras civilizacións tentouse establecer unha clasificación dos seres vivos, esta foi a base da taxonomía actual e a súa evolución ao longo da historia é clave para explicar a nomenclatura científica moderna, regulada polo Código de Nomenclatura Botánica (última edición McNEILL e col., 2006).

Este Código, sometido a revisións periódicas, indica as regras a seguir para nomear os taxon. Entre elas destacan:

1. O nome ten que estar en latín ou unha palabra latinizada, xa que é unha lingua morta.

2. Os nomes dos taxons, ata o xénero, teñen a terminación propia, por exemplo o *phyllum* en -phyta, a clase en -opsida, a orde en -ales, a familia en -acea, etc.

3. O xénero, ou nome xenérico, debe ser unha palabra latinizada, comezar por maiúsculas, e ir en cursiva o subliñado dentro dun texto. Por exemplo, *Achillea*

4. Para nomear a especie emprégase a nomenclatura binomial difundida por Linneo, que comprende o nome xenérico e o nome específico, así ao falar da especie saberemos a que xénero pertence. O epíteto específico debe ir en minúsculas e concordar co nome xenérico e tamén en cursiva ou subliñado, por exemplo *Achillea millefolium*.

5. Para referirnos a unha especie descoñecida empregase a abreviatura *sp* (plural *spp*), que se sitúan despois do xénero e para referirnos a categorías

inferiores utilízase o nome completo.

6. Cando se describe unha nova especie hai que gardar un exemplar tipo (prego) depositado nun herbario oficial, debidamente etiquetado co lugar, data de recollida, hábitat, nome do recolledor e de quen o clasifica.

### METODOLOXÍA DE TRABALLO

Antes de comezar coa análise estatística dos epítetos, partindo da obra de LOSADA CORTINAS e col. (1992), creouse unha base de datos empregando o programa Microsoft Excel. Esta base consta de 753 especies de plantas da flora galega, agrupadas en 110 familias distintas. Documentándonos coa obra de "Flora Ibérica (CASTROVIEJO, 1986, 1990, 1995, 1996, 1997, 1999, 2000, 2005), dicionarios de latín e a axuda dos profesores da materia, buscouse o significado de cada un dos epítetos específicos da base de datos.

A continuación clasificáronse segundo o seu significado nas seguintes categorías:

FAMILIA	XÉNERO	EPÍTETO ESPECÍFICO	SIGNIFICADO	CATEGORÍA
ASPLENIACEAE	<i>Ceterach</i>	<i>officinatum</i>	usado en farmacias	medicinal
ASTERACEAE	<i>Aster</i>	<i>tripolium</i>	tres follas	carácter cuantitativo
ASTERACEAE	<i>Leucanthemum</i>	<i>vulgare</i>	común	típica
CRASSULACEAE	<i>Sedum</i>	<i>anglicum</i>	inglés	xeográfico
FAGACEAE	<i>Castanea</i>	<i>sativa</i>	cultivada	uso
LAMIACEAE	<i>Mentha</i>	<i>longifolia</i>	follas longas	carácter cualitativo
FABACEAE	<i>Medicago</i>	<i>lupulina</i>	de lobo	outros
LINACEAE	<i>Linum</i>	<i>bienne</i>	bianual	ecoloxía
PLANTAGINACEAE	<i>Plantago</i>	<i>atra</i>	negro	cor
ROSACEAE	<i>Agrimonia</i>	<i>eupatoria</i>	-----	descoñecido
ROSACEAE	<i>Prunus</i>	<i>cerasus</i>	cereixo	nome vulgar
VIOLACEAE	<i>Viola</i>	<i>riviniana</i>	Rivinus, botánico	homenaxe

Fig. 1. Exemplos de clasificación dalgúns epítetos segundo o seu significado.

características cualitativas, características cuantitativas, usos, cores, ecoloxía, homenaxe, medicinais, nome vulgar, típica, xeográfico, descoñecido e outros (Fig. 1).

Na figura 1 pódese ver, a modo de exemplo, a distribución dalgunhas especies por categorías. Hai clases máis específicas que outras, como “medicinal”, na que se agrupan só aqueles significados que se refiren a especies empregadas con ese fin; independente da categoría de “uso”, máis xeral e que engloba aquelas especies que son útiles para o home, tanto por ser empregadas para o cultivo (agricultura) como para facer utensilios (etnobotánica). En “outros” inclúense todos aqueles epítetos que non conseguimos agrupar nas outras categorías.

Na clase “descoñecido” figuran os epítetos dos que, ca bibliografía consultada, non se atopou o seu significado, posiblemente porque a obra básica usada (Flora Ibérica) está aínda incompleta.

Seguidamente e con axuda do programa SPSS realizouse a análise estatística das familias máis representativas da flora galega (Leguminosas, Compostas e Gramíneas) co obxectivo de coñecer a proporción (%) de epítetos integrados en cada unha das categorías creadas.

## RESULTADOS

A primeira vista vese que na maioría dos casos os caracteres refírense a algunha característica morfolóxica da planta (cor, cheiro, tamaño, ...) e que hai unha serie de epítetos que son predominantes sobre o resto, tal é o caso de *sativa* (cultivado), *arvensis* (rural), *officinalis* (usada en oficina de farmacia, medicinal), *vulgare* (frecuente,

típica), *alba* (branca), *hirsuto* (con pelos erectos) ou *maritimum* (natural preto do mar).

En base a estes datos, os resultados obtidos para as tres familias mellor representadas na flora galega: Leguminosas (*Fabaceae*), Compostas (*Asteraceae*) e Gramíneas (*Poaceae*), tanto por separado como en conxunto, reflíctense nas representacións gráficas que figuran a continuación.

En primeiro lugar, e para ter unha visión xeral amosamos unha de conxunto, xa que hai aspectos comúns entre elas no referente as porcentaxes (Fig. 2). O primeiro que salientamos é que todas presentan a categoría das “características cualitativas” como a máis representativa, xa que en todas supón arredor da metade dos epítetos (47,53%). O resto das categorías son máis ou menos significativas, dependendo da




Fig. 2. Gráfico xeral de porcentaxes nas diferentes categorías.

familia, pero en xeral podemos destacar a de “ecoloxía” (12,28 %), e “cor” (7,48 %), sen esquecer o apartado de “descoñecidos” (8,68 %), que tal como se indicou antes, necesita dun estudo máis pormenorizado.

Se analizamos cada unha das tres familias por separado observamos que na familia Leguminosas ou *Fabaceae* (Fig. 3) hai unha grande porcentaxe de plantas que están agrupadas na categoría “características cualitativas” (44,9%), aínda que tamén son salientables as categorías da “cor” (12,24%), “xeográfico” e




Fig. 3. Gráfico de porcentaxes nas diferentes categorías na familia Leguminosas.

“otros” (8,16%). A categoría menos representativa é a que corresponde aos epítetos dados en “homenaxe” a alguén (2,04%). A esta familia pertencen algunhas plantas útiles para o home, como fabas, xudías, chícharos, lentellas, ademais de xestas, toxos, entre outros.




Fig. 4. Gráfico de porcentaxes nas diferentes categorías na familia Compostas.

Dentro da familia das Compostas ou *Asteraceae* (Fig. 4) pódese observar que a categoría de “ecoloxía” ten un papel destacado (21,33%), aínda que tamén é importante a porcentaxe que queda no apartado de “descoñecido” (18,67%). As que menos representación teñen dentro desta familia son “uso” (1,33%) “medicinal” e “homenaxe” (1,33%) e outras como “característica cuantitativas” ou “outros” nin aparecen.

E, dentro da familia Gramíneas ou *Poaceae* (Fig. 5) o máis salientable é que case as 3/4 partes das especies estean agrupadas dentro da categoría “características cualitativas” (52,17%), “ecoloxía” (17,39%) e “xeográfico” (6,52%),




Fig. 5. Gráfico de porcentaxes nas diferentes categorías na familia Gramíneas.

ademais de que unha porcentaxe importante (17,39%) non coñecemos o seu significado (categoría “descoñecido”). Tres das categorías non teñen representación e a representación do resto é case anecdótica da anecdótica representación que teñen as outros cinco grupos.

### BIBLIOGRAFÍA

CASTROVIEJO, S. (coord.). 1986. *Flora*

Ibérica: *Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 1: *Lycopodiaceae-Papaveraceae*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

CASTROVIEJO, S. (coord.). 1990. *Flora Ibérica: Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 2: *Platanaceae-Plumbainaceae (partim)*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

CASTROVIEJO, S. (coord.). 1995. *Flora Ibérica: Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 3: *Plumbaginaceae (partim)-Capparaceae*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

CASTROVIEJO, S. (coord.). 1996. *Flora Ibérica: Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 4: *Cruciferae-Monotropaceae*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

CASTROVIEJO, S. (coord.). 1997. *Flora Ibérica: Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 8: *Haloragaceae-Euphorbiaceae*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

CASTROVIEJO, S. (coord.). 1999. *Flora Ibérica: Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 7(1): *Leguminosae (partim)*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

CASTROVIEJO, S. (coord.). 2000. *Flora Ibérica: Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 7(2): *Leguminosae (partim)*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

CASTROVIEJO, S. (coord.). 2005. *Flora Ibérica: Plantas Vasculares de la Península Ibérica e Islas Baleares*, vol. 21: *Smilacaceae-Orquidaceae*. CSIC. Real Jardín Botánico de Madrid (obra incompleta).

GRUPO DOTEINE. 2006. Tesouro de Biología: Nomenclatura en <http://doteine.uc3m.es/tesauros/biologia/>

JUON, N.S., CAMBELL, C.S., KELLOGG, E.A. & STEVEN, P.F. 1999. *Plant systematic: a phylogenetic approach*. Sinaver Associated Inc., Sunderland.

LOSADA CORTINAS, E., CASTRO GONZÁLEZ, J. & NIÑO RICO, E. 1992. *Nomenclatura vernácula da flora vascular gallega*. Servicio de estudos e publicacións. Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

MCNEILL, J., BARRIE, F.R., BURDET, H.M., DEMOULIN, V., HAWKSWORTH, D.L., MARHOLD, K., NICOLSON, D.H., PRADO, J., SILVA, P.C., SKOG, J.E., WIERSEMA, J.H. & TURLAND, N.J. (eds.). 2006. International Code of Botanical Nomenclature (Vienna Code) adopted by the Seventeenth International Botanical Congress Vienna,